


A partir de 1975 xorden en Galicia as primeiras reivindicacións do movemento feminista. O obxectivo era transformar un sistema social feito por e para homes. **PARIR A LIBERDADE** reconstrúe a historia do feminismo no país desde os primeiros anos da democracia.

A obra divídese en tres apartados: os albores da loita feminista, os eixes temáticos que ocuparon as reivindicacións desde o seu nacemento (liberdade sexual, aborto, prostitución, violencia de xénero, traballo e economía solidaria) e, finalmente, os testemuños das mulleres que estiveron na fronte de batalla nos primeiros momentos e cuxo espírito aínda segue latente, con dez amplas entrevistas a María Xosé Queizán, Nanina Santos, Ana Fernández Puentes, Carmen Blanco, Sabela Mouriz, Tareixa Navaza, Rosa Bassave, Lupe Ces, Ana Míguez e María Xosé Agra.

"Parir a liberdade" é expresión utilizada por María Xosé Queizán en varios dos seus traballos. "A miña idea de feminismo é unha idea racionalista, de xustiza. A de crear unha sociedade mellor, de mulleres e de homes", afirma neste libro.



ISBN: 978-84-89323-45-2



9 788489 323452

**alvarellos**  
EDITORIA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FEE axuda ao teu futuro"



XUNTA  
DE GALICIA

CI

FEN  
par

# Parir a O MOVEMENTO FEMINISTA EN GALICIA liberdade

ELVIRA FENTE

**alvarellos**  
EDITORIA

**OESTE** [divulgación & ensaio]

**PARIR A LIBERDADE**  
O MOVEMENTO FEMINISTA  
EN GALICIA

ELVIRA FENTE

Ilustración de cuberta: Alfonso Martínez  
Deseño colección: Xacobe Neto/Alvarelos Editora  
© Elvira Fente Gómez  
© Alvarelos Editora, 2010  
R/ Sempre en Galiza, 4-praza  
15706 Santiago de Compostela (Galicia)  
correo@alvarelos.info  
www.alvarelos.info

Impreso en Tórculo Artes Gráficas

Depósito Legal C 2878-2010  
ISBN 978-84-89323-45-2

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

**alvarelos**  
EDITORA

### **Ese mundo de utopía lograrase algún día?**

Desde que milito no feminismo sempre se nos acusou de utópicas, pero como moi ben dicía Anatole France a utopía é o principio de todo progreso e o deseño dun mundo mellor. E algo xa gañamos.

“Cando unha se fai feminista, dificilmente pode cambiar as lentes coas que ve o mundo”

**MARÍA XOSÉ AGRA**

María Xosé Agra Romero é doutora en Filosofía e profesora de filosofía moral e política da Universidade de Santiago de Compostela. As súas liñas de investigación desenvólvense sobre filosofía política contemporánea: teorías da xustiza e teoría crítica feminista. É directora da Comisión Técnica de Xénero do Consello da Cultura Galega, que elabora o *Álbum das mulleres*. Forma parte do CIFEX, Centro de Investigacións Feministas e Estados de Xénero da USC. Colabora en revistas como *A Trabe de Ouro*, *Andaina*, *Grial* e *Revista Portuguesa*.

### **Como se integrou no movemento feminista galego?**

Empecei nova cun grupo de Mulleres Democráticas. Foi un período no que había moi pouca organización en Galicia e no resto do Estado porque foi durante o franquismo. Logo, a través doutras organizacións como o Partido do Traballo xa me impliquei en cuestións feministas e xa foi máis rodado todo. Estiven na AN-PG, na sección da muller, e segundo foi indo a miña traxectoria estiven sempre con preocupacións do movemento feminista, primeiro de maneira partidaria e logo teórica. Era estudante, con preocupacións políticas do momento da caída do franquismo e todos os movementos políticos e sociais que había nese momento.

### **Que pasou na transición?**

Coa transición houbo un cambio importante en xeral, na medida en que cambiou o panora-

ma político. As mulleres, á parte de contribuír a que ese panorama se abrise decisivamente, tiveron que enfrontarse ós problemas da vida cotiá, de participación, con moitas dificultades porque digamos que se concedían unhas liberdades formais, que eran moi importantes, pero a distancia coa realidade no día a día era un problema, cos compañeiros, coas organizacións, nos sindicatos, na vida persoal, foi un cambio moi importante e moi custoso.

**Que grao de participación tivo no movemento? Cales eran daquela as súas inquietudes?**

Non son consciente da miña implicación, non pensei nunca sobre esa parte da miña vida. Participei en campañas naquel momento, sobre o aborto, anticonceptivos, que era fundamental, as liberdades políticas, as eternas discusións sobre os salarios para as amas de casa ou non. En especial non teño consciencia de que houbese algo máis importante ca outro; quizais o aborto e a sexualidade naquel momento, reivindicar a liberdade sexual, pero agora non son capaz de reconstruír esa parte con algo que me preocupe máis.

**Recorda algún momento de indignación no que lle dixeran que non por ser muller?**

Non houbo momentos de indignación para iniciarme no feminismo. Formaba parte dunha visión da vida cando es nova e queres cambiar o mundo e unha parte importante era o recoñecemento de que non había por que ter obstáculos por ser muller para estar na Universidade, para asistir a todas as cousas que fixese falta, para andar pola rúa. No meu caso, para facerme feminista non houbo ningún momento crítico. Depende un pouco das persoas que van diante e como che van abrindo camiño. Entrei en Mulleres Democráticas porque

había mulleres que eran do partido comunista que se empezaba a facer; digamos que foi un proceso natural, unha vez que entras, iso si, cando unha se fai feminista, dificilmente pode cambiar as lentes coas que ve o mundo. Entón, no meu caso non foi traumático, aínda que ó longo da miña vida ata hoxe mesmo, sigo tendo, máis que crises, momentos nos que te dá conta de que te seguen identificando como muller e non con outras cousas coas que terían que identificarte, que segue habendo atrancos, unhas veces máis sutís, outras máis fortes. No meu caso non houbo máis que vivir uns anos de cambio, e o lóxico era que o cambio, ás mulleres novas daquel momento, nos supuxese tamén un cambio na vida persoal. Viñamos sobre todo de familias cunha moralidade estrita.

**Cre vostede que en Galicia chegou con atraso o movemento de liberación das mulleres?**

Non creo que en Galicia houbese unha evolución máis lenta do movemento feminista ca no resto das sociedades do Estado. Houbo, si, un movemento feminista máis tardío, máis lento, pero noutras cousas estamos en primeira liña, temos mulleres poetisas impresionantes, na literatura, que non teñen nada que envexar, incluso diría que están por diante das mulleres doutros países do noso contorno. Creo que non se pode facer unha valoración xeneralizada. E tampouco unha visión vitimizada de Galicia. Creo que o que ten de peculiar Galicia foi que houbo unha certa mitificación da muller galega, como forte, traballadora, que é unha mitificación dunha realidade: aquí en Galicia as mulleres sempre traballaron, sempre levaron as rendas da casa, pero iso non se traduce nun poder real nos momentos decisivos, aínda que está claro que non corresponde ó modelo tipo da muller máis burguesa ou máis estándar que

funcionaba no Estado e que aquí non se deu, maioritariamente. Entón, creo que foi máis serodio e con menos forza o movemento feminista, que se debeu tamén ás circunstancias deste país, pero que por outro lado hai outra forza e outra visión das mulleres, que as mulleres son creativas e que poden facer moitas cousas en moitos campos que non teñen nada que envejar ó resto do contorno (no caso da literatura estamos por enriba).

### **Podería ser unha maneira de liberaren a súa ira?**

A arte é unha expresión da ira, neste caso púidose dar na literatura. A ira non só se expresa nas rúas e nas grandes manifestacións. En Galicia houbo moitas expresións de ira das mulleres e que moitas veces non se perciben como tales, que se invisibilizan. As mulleres estiveron neses grandes fitos de Encrobas. Non hai máis que ver as fotos e todo o material para saber que estaban aí; se o miramos cunha ollada distinta podemos rescatar máis mulleres das que pensamos. Iso é o que fai falta, valorizar o que temos feito, porque somos bastante negativas con respecto ó que se fai aquí (en certa medida, somos máis humildes) e outras, con menos, fan máis barullo.

### **Hai represión das mulleres na actualidade en Galicia?**

A represión en Galicia é a que se dá en toda a zona occidental, máis avanzada ou menos. Hai unha serie de costumes, normas, que están no ser social, que están presentes e que son comúns, e todo iso peneirado por toda unha ideoloxía católica que segue estando presente e que podemos ver aínda actualmente con toda unha conceptualización da familia, específica en Galicia. Pódese engadir o problema de que Galicia non é un país que tivese unha industrialización

tan potente coma outras sociedades. Iso, nun momento fundamental no que as mulleres reivindicaban en primeira instancia un posto de traballo, que era así máis difícil de conseguir. Moitas conseguírono emigrando. Á volta algunhas tamén se encontrarían con moitos problemas por volver aquí, a certos núcleos rurais, cunha formación. Pero iso tamén contribuíu a cambiar, as mulleres no campo empezan a conducir tractores, a visibilizarse doutra maneira, todo vai unido ó propio desenvolvemento social, político e cultural de Galicia, non se pode separar. O moral vai vinculado á norma, unha moral católica, que ata agora estaba en núcleos de poboación rurais que tiñan poucas alternativas; iso superouse considerablemente, porque o rural está índose xa que as mulleres prefiren traballar en pequenas industrias e vanse incorporando ó mundo do traballo doutra maneira e van rompendo coas vías de presión máis fortes que son a presión social, da familia, o grupo, a aldea, o barrio.

A moral rural ten peso igual ca a urbana, seguen funcionando os estereotipos; nos barrios das cidades, as emigrantes, que tamén configuran un elemento importante que hai que ter en conta para definir os modelos de femineidade que deben ser. E que se non, as mulleres non están no seu lugar, é un tirapuxa, de ruptura de esquemas e das inercias dun modelo que custa moito eliminar para as propias mulleres que normalmente tamén teñen que sufrir un proceso de transformación e que pensan conseguir a igualdade, ata que se encontran cun momento crítico da súa vida, non son capaces de decatarse de que están a sufrir unha discriminación ata que van buscar o seu primeiro emprego, ou se teñen unha crise na parella ou cando deciden vivir xuntos e se encontran cunha serie de problemas; iso no ámbi-

to xa persoal, pero estruturalmente hai que cambiar aínda moitas cuestións.

### **Hai algún obxectivo prioritario hoxe na loita feminista?**

Todas as fronteas están abertas, hai unhas políticas públicas que se poden utilizar aínda que é unha cuestión moi lenta, non é un cambio que se dea de hoxe para mañá ou que unha lei vaia cambiar. Temos unhas leis que responden a que detrás hai un movemento de cambio pero necesitamos tamén que isto vaia avanzando con medidas públicas, con presenza e con reclamacións, porque o problema das mulleres é que o que se leva gañado non se pode perder, coma en todo, pero aquí especialmente. Entón, non se pode baixar a garda en ningún momento. E tamén no caso da violencia de xénero. Máis que políticas de xénero, medidas contra a violencia sexista e machista, que segue existindo, que o número de mulleres que morren debería ser suficientemente significativo como para que isto non se tome á lixeira.

Hai grandes declaracións, pero o día a día é moi molesto. Estou de acordo con Celia Amorós, que di que antes a violencia machista se daba porque se seguía o dito aquel de "mateina porque era miña" e agora precisamente a violencia xorde porque as mulleres xa non son e non queren ser de ninguén e iso de considerar a unha como igual non o soportan. Entón agora mátana porque non é súa, antes porque era e podía facer con ela o que lle daba a gana e porque era unha cuestión privada, digamos así, e se a mataba ou lle pegaba era porque algo faría; e agora é porque non se resisten e non son capaces de entender ou de xestionar que unha muller é un ser humano igual e agora pode facer a súa vida e como pode facelo, porque hai un mí-

nima cobertura que llo permite, a moitas cústalles esa resistencia e simplemente é a liberdade máis elemental dun ser humano. Nese sentido a sociedade ten que avanzar moito.

### **Por que a muller segue a depender emocionalmente do home?**

Psicoloxicamente a muller non é nin máis débil nin máis forte, depende das persoas, o que si hai é toda unha psicoloxía de andar pola casa que estereotipa e que busca que unha muller teña ou transmita unha imaxe, pero se miramos a historia e o que fixeron as mulleres, de psicoloxía débil nada, as mulleres traballan nas fábricas, e logo chegan á casa despois dunha xornada esgotadora, nas conserveiras, no mar ou no campo. A que lle chamamos psicoloxía débil? Á dependencia. O que se persegue é a dependencia, esa é a ideoloxía e o que vimos arrastrando dunha forma de entender a relación entre homes e mulleres, pero iso non é algo esencial, nin a historia nin a psicoloxía poden demostrar que teñamos unha psicoloxía máis débil. Outra cousa é que nas relacións sociais se constrúan dunha maneira e iso actúe sobre as mulleres e sobre os homes.

### **Pode definir a palabra liberdade?**

A liberdade é a capacidade de acción que ten unha persoa e de decisión sobre a súa vida, pero non é en abstracto; é dicir, non pode haber liberdade se non hai medios materiais mínimos e económicos que o permitan, non é a liberdade en abstracto. Liberdade é a capacidade dos individuos de autodeterminarse e a autodeterminación é poder decidir sobre a vida, poder desenvolver as súas capacidades e iso require medios materiais.

### **E amor?**

Amor tamén é unha construción. Depende de que amor falemos. Amor é unha palabra inmensa pero que se pode perverter. Todo o que non sexa amor platónico nin amor romántico, simplemente o don, dar algo a cambio de nada. Perverten o amor homes e mulleres por igual. Se pensamos no estereotipo de amor que funciona (San Valentín), quen o perverte? Se ese é o estereotipo, xa está pervertido, porque iso non sería unha forma de entender o amor. Hai moitas formas de amor, amor de relación longa, entre iguais, relación asimétrica. A relación de parella home-muller está pervertida polo amor romántico e por un amor capcioso que busca o papel de color (ó final o que busca é a submisión dunha parte pola outra coa chantaxe de que nos queremos moito). Pervertido non sei se é a palabra. De diferente maneira os dous perverten o amor. O home busca esa muller ideal que non vai atopar nunca e a muller igual, porque é un amor que non está baseado na loita na vida cotiá e nas relacións entre iguais, senón que, máis ben, en moitos casos, nin sequera é amor porque vén dado polo tipo de relacións que levan, porque hai que casar por unhas inercias sociais que constrúen outro tipo de relación. É un terreo moi complexo porque é o terreo dos sentimentos e non creo que haxa sentimentos naturais e puros, pois depende do tipo de construción sobre os sentimentos que se faga.

### **O matrimonio?**

O matrimonio é unha institución. Nin máis nin menos. Empeza a institucionalizarse a partir do século XIII dunha forma clara, empeza a intervir a Igrexa como elemento decisivo, e hoxe está o Estado polo medio e o Estado é quen determina quen pode casar e quen non, á parte da Igrexa, claro. Como tal institución hai quen discute que se poida falar de matrimonio

homosexual. Eu penso que si, porque se matrimonio é unha institución social, pódese determinar quen o forma. Que historicamente fose heterosexual non quere dicir que non poida ser doutra maneira, independentemente de que se poida estar ou non de acordo co matrimonio ou cun determinado tipo de familia.

### **Se Galicia fose máis laica, sería máis xusta?**

O matrimonio eclesiástico é unha opción. O que non pode pretender a Igrexa é regular para o resto da sociedade. Paréceme moi lexítimo que a Igrexa para o seu ámbito regule o eclesiástico. Entre esas inercias sociais, que son perversas, está a xente que non cre e que non vai á igrexa e que utiliza mercantilmente o matrimonio, como sistema de vodas e non usa a vía civil, que é outra alternativa e que entra dentro do xogo social. A Igrexa é cómplice dese xogo social, non trata de puílo; e por outro lado, trata de meterse en cuestións que non lle competen como cidadáns dun país democrático; non poden ter esa concepción relixiosa dun país.

### **Que significa independencia para unha muller?**

Independencia é ter un mínimo material que lle permita non depender economicamente e poida participar en todos os ámbitos nos que se toman decisións que lle poidan afectar, mesmo no ámbito político, para poder exercer a liberdade sempre con ese mínimo que garante que non teña dependencia. Non é unha independencia de novo en abstracto, porque non existe, somos seres dependentes, vivimos nunha sociedade na que nos necesitamos uns ós outros. Iso non quere dicir que me teñan que quitar a vontade. Sigo pensando que, para as mulleres, a independencia económica, por pou-

co que sexa, aínda en situacións moi precarias, sempre lles dá a posibilidade de cambiar o *chip*, se pensamos en moitas mulleres, por exemplo labregas, que viñan á feira (espero que agora non sexa así) pero que non podían nin comprar unhas bragas co que gañaban. Outras, no entanto, si, porque cultivaban elas e podían dispoñer dun mínimo de cartos, inda que fose pouco, que lles daba unha marxe de poder. Iso é imprescindible, non creo que poida darse unha independencia psicolóxica se non hai independencia económica. Pode haber mulleres psicolóxicamente moi independentes que vivan á conta da parella, pero iso non é o modelo habitual, o factible é á inversa, que van unidos... Normalmente, cando hai un momento crítico é cando a muller se dá conta de que non quere renunciar ó traballo, que iso lle dá mesmo unha relación diferente cos fillos, unha posición de negociación distinta no seo da familia porque ela contribúe, aínda que a súa contribución non sexa percibida da mesma maneira. Se hai un conflito si se percibe e si se pode facer. Mentres que psicolóxicamente, para ben ou para mal, seguimos pensando quen é o que achega e quen contribúe co seu traballo. De momento ese segue sendo o problema, e mentres sexa así, as mulleres teñen que conseguir a independencia económica. A mínima polo menos.

### **Defina o termo honra.**

A honra é un concepto que se constrúe socialmente. Eu creo que menos. Quizais tamén porque como os medios de comunicación andan con todas esas parvadas e sacan a vida privada de todo o mundo, é moi difícil saber xa a estas alturas que é iso da honra. Creo que hoxe non funciona ese criterio, funciona retoricamente, pero na práctica non. Nos países como Afganistán, nun contexto que non é de

normalidade, é máis complexo, non é o mesmo nun país que teñen certa normalidade e certa vida pacífica ca en países cun conflito gordo (se non hai onde acudir!), pero hoxe non se apela ós vellos argumentos. Hoxe aquí non sei que é a honra. Non alcanzo a ver, salvo aquelas artistas que reclaman, que andan nos medios e a venden.

### **E vergonza?**

A vergonza é outro sentimento distinto. A honra ten que ver coa dignidade das persoas, pero tal e como foi construída, creo que hoxe a dignidade das persoas non se mide por esa concepción da honra. A dignidade das persoas é que a xente poida vivir decentemente, pero esa concepción da decencia non ten que ver co sexo nin coa sexualidade, ten que ver máis con que non haxa corrupción, que cumpra e sexa unha persoa responsable, que participe na vida social. Iso é a honra da honradez, no sentido da honestidade, da dignidade dunha persoa. A honra é dignidade. A vergonza é un sentimento máis complexo e que afecta fundamentalmente á persoa. Normalmente úsase a vergonza para avergonzar o outro, para estereotipalo (as mulleres, xudeus...), cando a vergonza é máis ben un problema de relación da persoa con ela mesma máis que co outro. Na medida en que se aplique ó outro, estás estereotipando, estigmatizando, cargándolle unha culpa, cando o problema está en ti, asociado cun problema de pureza, de contaminación. A honra ten máis que ver coa dignidade e a vergonza tamén, pero non é a percepción cara a fóra, senón a propia.

### **Cal é o futuro da muller galega?**

Sempre fun bastante optimista coas mulleres en Galicia, houbo momentos en que practicamente foron as mulleres as que sacaron adiante o país, cando os homes estaban no



mar, na emigración. Penso que maioritariamente seguen tirando do país. Nas novas xeracións as mulleres novas están mellor formadas ca nunca, e están en todos os lados, queren estar en todos os lados, van estar; esa é unha forza que dificilmente se pode parar, hai ademais indicios de que iso é así. Por exemplo na literatura, dunha forma fundamental, tantas mulleres escribiron... Cando foi aquí a Marcha Mundial houbo mulleres que saíron de debaixo das pedras, algo que non se pensaba. Hoxe, na revitalización que hai ou simplemente unha cousa importantísima: que unha revista como *Festa da Palabra Silenciada* ou *Andaina*, que cumpre 25 anos, siga ininterrompidamente publicándose en poucos sitios se dá, e dalgunha forma iso significa que hai unha transmisión que iremos vendo e que aínda se vai ver máis. Tamén hai moitas inercias, como o patriarcado dentro dos chamados progresistas, porque ninguén quere perder privilexios.

**Como analizaría as opinións enfrontadas entre as diferentes formas de pensar dentro do movemento?**

Eu non vivo con enfrontamentos, creo que hai espazo para distintos enfoques e cada unha debe traballar na liña que queira, eu son pouco belixerante nese sentido. Eu creo que hai espazo para a pluralidade e no feminismo tamén, poderei estar máis de acordo nuns enfoques ca noutros pero non considero que haxa un canon máis alá de que todas pretendemos que as mulleres teñan liberdade, igualdade, que poidan exercer os plenos dereitos e que non sexan estigmatizadas, invisibilizadas e que poidan facer o que queiran. E despois son discusións teóricas importantes. Eu creo que van abríndose camiño, en función tamén da propia maduración da teoría feminista, de novos problemas ós que nos temos que enfrontar porque solucio-

namos uns pero vanse abrindo outros problemas: a globalización, a relación coas mulleres e a emigración, con novas formas de explotación e de subordinación, con relacións que as propias mulleres xeramos e que son problemáticas e que nos asuntos sociais políticos medidas que poden parecer boas poden ter efectos non desexados. É cuestión de revisalos e iso require pluralidade e crítica.

**Xurdiron na transición numerosos colectivos de mulleres, como influíu iso na loita feminista?**

Iso en parte foi debido a que aquí (en Galicia) houbo un movemento feminista máis tardío, que ademais coincidiu coa chegada do PSOE ó poder e todo aquel núcleo, digamos en xeral, de asociacionismo, de participación, afectou a todos. Había movementos veciñais, movementos culturais, e en Galicia como había xa ese atraso e había unha menor incidencia, foi máis doado que se laminase aínda máis. Nese sentido, creo que, efectivamente, se algo funciona é porque hai un movemento e que en Galicia o feminismo conseguiu manterse en núcleos culturais pero ó mesmo tempo creo que hoxe é un momento positivo porque hai moitas mulleres participando, e que precisamente o que viviron outras, ó mellor un pouco antes, aquí estamos vivíndoos nunhas condicións coa lección adiantada, así que tamén podemos sacar partido diso. Eu son bastante optimista.

**Houbo un rexurdir, unha volta ás filas do feminismo de mulleres que levaban tempo afastadas do movemento coa polémica do aborto?**

O que nos pasa ás que vivimos a primeira batalla, digamos, é que despois de tantos anos teñamos que volver sobre algo que parecía que

ller do campo. Todos cantos viñan che dicían que esas mulleres que levan as cestas enriba ou as leiteiras que sempre andaban con cousas na cabeza, porque se vía, non era algo que houbese que ir á aldea para buscalas e atopalas, senón que nas cidades estaban as mulleres que viñan ó mercado coas cestas cargadas como burras, as leiteiras... esa era a presenza da muller na sociedade. Entón, ese era o estereotipo de que as galegas eran mulleres fortes que tiñan capacidade de poder, que era un matriarcado, unha mitificación que na realidade non era certo, porque moitas das que vendían, de todo iso que traían non manexaban un peso, non tiñan capacidade para decidir no seo da súa casa. Outras si. Digamos que non é certo ese estereotipo. Hoxe creo que non hai un estereotipo da muller galega. Iso é bo, porque os estereotipos adoitan marcar ou un ideal para que se siga ou algo que non se debe facer, e poden estigmatizar. Eu o que si vexo é que hoxe a muller galega pode estar representada nesas mulleres novas que descubren o mundo, que van a todos os sitios, que andan polo mundo, que traballan e que teñen unhas alternativas que saben aproveitar, polo menos na súa gran maioría. O home galego evolucionou, con traballo pero evolucionou. Uns manteñen o nivel do politicamente correcto, que xa é bastante, e outros intentan ir asumindo no día a día que non son os amos do mundo, que teñen que compartir, que teñen que asumir responsabilidades. Moitos son conscientes de que perden unha parte da súa liberdade; para criar os fillos por exemplo, queren implicarse, con traballo pero si.

### **Como cre que perciben os maiores as novas xeracións de mulleres?**

O que eu percibo entre os vellos é que, inda que hai de todo e non se pode xeneralizar, es-

tán orgullosos do que fan as súas netas e que as estimulan máis para que conduzan ou para que vaian á Universidade, e que os rapaces nese sentido están un pouco máis descolocados e ó mesmo tempo eles tamén axudan, porque hoxe tamén se vive máis, porque queren as súas mulleres, porque se dan conta de que son uns seres dependentes e que cada vez se valora máis outro tipo de dependencia e que cada un pode asumir a súa parte e que non pasa nada se hai que facer a comida, se un queda só... e as familias son cada vez máis modernas e hai máis posibilidades de que queden sós. Incluso percibo nos máis vellos unha proximidade cara á xuventude, máis ca nunha xeración máis intermedia.

### **E non hai unha xeración intermedia de mulleres atrapadas entre a doutrina da avoa e as esperanzas das fillas?**

Eu non podoo dicir máis que impresións porque me movo nun abano de mulleres pero non é todo o espectro, e pode haber diferenzas entre mulleres da clase traballadora, mulleres que viven exclusivamente do campo, mulleres que traballan no campo e que ó mesmo tempo traballan nas casas cosendo para Zara ou para outras empresas (porque hai moitas), mulleres que son universitarias que teñen independencia económica pero que teñen un esquema tradicional... iso requiriría un estudo. En principio moitas mulleres precisamente foron esmagadas polo sistema, ou impediúselles facer algo que desexaban ou púxoselles problemas. Na actualidade entréganse coas súas fillas para que non lles pase o mesmo, e outras reproducen o mesmo esquema. Pero non se pode dicir que é unha xeración. Eu creo que depende de moitos factores, que non é un problema só xeracional, porque incide a incorporación do traballo, as traxectorias familiares, as posibilidades que se lle deu a cada unha...

non todas tiveron, dentro da mesma xeración, e cuns parámetros sociais similares, as mesmas oportunidades, porque as variacións familiares foron importantes. Cousas tan elementais como ser filla única a ser oito, as posibilidades económicas da familia, a relixión da nai e do pai, as que quedaron coa nai ou co pai... iso require un estudo. Para establecer unhas liñas xeracionais hai que coller a xeración e os parámetros que midan exactamente para poder corroborar algo e sacar algunha idea.

### **Como se explica a perpetuación do modelo machista aínda que se teña independencia económica?**

É un proceso lento. Non o formulo tanto desde un punto de vista persoal, senón máis ben desde o plano de cambios estruturais, cambios institucionais. Iso dáse na medida en que haxa mulleres en todos os lados, que haxa mulleres nas empresas, mulleres naqueles sitios onde non estaban, que vaian alterando relacións e que se vaian dando conta de que iso é algo natural, que non teñen que pedirlle permiso a ninguén. A xestión persoal diso é moi complicada. No feminismo funcionaban grupos de concienciación, pero as mulleres que asistían xa tiñan esas inquiredanzas. Claro que o primeiro paso é que as mulleres se incorporen á vida, ou sexa, que rompan cos circuitos tradicionais e que estean onde están as mulleres, onde se participa, onde se discute, desde asociacións, desde colexios, e se aí hai cambios, van participar e van cambiar, nalgúns casos vai ser máis lento e noutros casos non se vai dar nunca o cambio. Noutros vén potenciado polos fillos e fillas que educan ós pais, noutros casos son mulleres de 50 anos e chega un día que o marido as planta e se divorcian, cousa impensable antes; entón, iso altera o estatus, pero é mellor unha liña de cambios na armazón cultu-

ral, institucional, estrutural... e tamén nos informais, que só se poden facer a través de mecanismos informais, e como se xestiona iso persoalmente? É moi complicado, e non hai unha receita que diga como se lle cambia o *chip* a unha persoa.

### **Cantos anos se precisan en Galicia para que se dea un salto cualitativo na sociedade?**

Precisamos 400 anos para un cambio dunha forma social a un imaxinario social, en grandes imaxinarios. Como por exemplo desde Grecia ata a Revolución Francesa, desde o imaxinario do mundo clásico que é Grecia ata o imaxinario do mundo moderno, pois agora estaríamos fronte a un mundo imaxinario totalmente distinto que chegará dentro de moitos anos, que vai depender das loitas, das distintas imaxes, de que mundo é o que queremos vivir, pero as mulleres non precisan 400 anos. Por exemplo, a calquera muller que estivo na transición ou no movemento feminista, se nos din que vai haber un goberno paritario en 2004, non o cremos, porque é un proceso lento de cambio de estruturas, que altera a vida cotiá, desde a situación onde un grego tiña a produción dentro da casa, a unha sociedade capitalista que xorde, industrial, onde a produción se fai fóra, ata un mundo como o que temos hoxe no que podemos volver ter un traballo na casa polas novas tecnoloxías. Entón que é o importante? Que as mulleres estean aí para non dar un paso atrás e poder incidir en que a sociedade vaia cara a adiante e para non reproducir a subordinación. Eu creo que ese é o reto máis importante. Espero poder gozar de moitas máis cousas porque non vou vivir 400 anos. Outra cousa é a evolución lenta dunhas grandes estruturas, eses son procesos longos, de moi longo percorrido, pero se miro para atrás, parece que é outro mundo.

### **Que vai por diante, as leis ou as estruturas sociais?**

Hai unha demanda. Hai moitos anos de discusións sobre se cotas si, cotas non. Ó mellor aquí non a vivimos tan forte pero había declaracións europeas e nas sociedades que van por diante, como as nórdicas, un gran debate. Que nós non o vivísemos así, non quere dicir que non existise xa, que non nos poidamos acoller a eses avances e que teñamos que pasar por todos os pasos polos que pasaron todos os que van diante. Era un dos elementos que aglutinaba Europa como elemento identificador, como europeístas e progresistas iso tiña que ir, non había outra alternativa. Non se pode estar falando de igualdade se non introduces mecanismos de corrección dese tipo. Entón temos que ser conscientes de que os debates non somos nós quen os xeramos directamente nun momento determinado, senón que a sociedade é moito máis ampla. Aquí aplicáronse as leis e as leis só se cambian se hai detrás quen pida que se cambien. Non hai ninguén gobernando que, se ninguén llo pide, vaia cambiar a lei. Iso, a forza de debates, abre vías de aplicación. Por exemplo, cando foi a lei do divorcio, había xente que non quería o divorcio; implántase a lei do divorcio e logo acóllense todos a esa lei. Se pensamos nos partidos de dereita que se negaban e logo analizamos a cantidade deles que se divorciaron!; ou sexa, a lei vai sempre por diante da sociedade pero volve outra vez por detrás da sociedade para aqueles sectores que están máis atrasados e lles permite logo vías que non tiñan. É unha especie de *feedback*, na medida en que a lei vaia contribuíndo a iso, terá valor; cando iso se estanque, haberá que cambialo porque xa non serve.